


Calendario 2021



proxecto
ríos

Aves dos ríos galegos



O protagonismo do *CalendaRío 2021* é para as aves que tantas veces atopamos nas saídas aos nosos ríos. Presentámosvos seis especies que ao longo destes anos observamos nalgunha das actividades realizadas polo Proxecto Ríos. Convidámosvos a que vos acheguedes aos paxaros dos ríos que dan cor e sons aos ecosistemas fluviais.

Como cada ano no *CalendaRío* presentamos algunhas das actividades programadas dende o Proxecto Ríos ás que se irán engadindo novas propostas. Como é costume, recibiredes mensualmente o Gardarríos coas novas destacadas do Proxecto Ríos, así como doutras entidades.

Remitímosvos á páxina web e ao Facebook do Proxecto Ríos para que vos informedes polo miúdo de actividades, crónicas, acontecementos, etc. *O CalendaRío 2021* está aberto ás vosas propostas e suxestións xa que este é un proxecto participativo.

Prestaremos atención este ano a estas e outras aves e propoñémosvos que participedes enviándonos fotos das que atopedes nas vosas saídas. Animámosvos coma sempre a que participedes tamén nas actividades programadas que presentamos ou que escollades un treito de río preto da casa, do lugar de traballo ou da aldea, e os estudedes seguindo a metodoloxía do Proxecto Ríos. Vémonos nos ríos.

Aves dos ríos galegos



Lavandeira real (*Motacilla cinerea*) Río Sil. Semellante á lavandeira branca pero coas partes superiores cincentas azuladas e as inferiores amarelas. Máis asociada aos cursos fluviais medios e altos aínda que se pode ver na beira do mar. En Galiza é sedentaria con pero tamén con individuos invernantes.



Lavanco real (*Anas platyrhynchos*) Río Tambre. A anátida máis común e distribuída por toda Galiza, presente en ríos, encoros, rías e zonas húmidas en xeral. É sedentaria e abundosa con boa cantidade de individuos invernantes. Teñen dimorfismo sexual, é dicir, as femias e os machos teñen a plumaxe diferente.



Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*) Río Mao. Unha das aves deste CalendaRío máis ligada aos ríos e nomeadamente aos que teñen boa calidade. Máis habitual nos cursos fluviais medios e altos. Aliméntase de larvas de macroinvertebrados e fai o niño en pontes ou muíños polo que tamén se lle coñece como merlo muiñeiro.



Picapeixe común (*Alcedo atthis*) Río Bibei. Tamén coñecido coma martiño peixeiro ou gardarríos en Portugal. Presente nas ribeiras fluviais e encoros así como na beira do mar. En Galiza é sedentario mais tamén hai individuos que proceden de Europa no inverno. Cría en buratos que constrúe nas paredes areosas dos ríos. Aliméntase de peixes pequenos, insectos e larvas acuáticas.



Garza real (*Ardea cinerea*) Río Anllóns. Distribuída por toda Galiza, obsérvase en ríos, lagoas, esteiros e encoros. Aliméntase de peixes, anfibios ou micromamíferos. Cría en colonias, aínda que no noso país só se atopan en localizacións do río Sil. Aumenta o número de exemplares cos individuos invernantes e especialmente no paso migratorio do outono.



Bilurico das rochas (*Actitis hypoleucos*) Río Ulla. A ave limícola máis habitual dos ríos galegos e amplamente distribuída. Obsérvase nas beiras dos ríos de certo tamaño, encoros, e tamén na costa. Sen dimorfismo sexual (macho e femia son iguais) ten un comportamento nervioso movendo cabeza e cola polo que tamén se lle ten nomeado como bilurico bailón.



Lavandeira real (*Motacilla cinerea*) Río Sil

xaneiro

l	m	mé	x	v	s	d
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Elaboración Informe Anual do PR

Febreiro

l	m	mé	x	v	s	d
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28

2 Día mundial dos humidais



proxecto
ríos



Lavanco real (*Anas platyrhynchos*) Río Tambre

marzo

l	m	mé	x	v	s	d
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

21 Día da árbore

22 Día da auga

abril

l	m	mé	x	v	s	d
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

15 Inicio da campaña de primavera e presentación informe.

22 Día da Terra

24 Curso de formación do Proxecto Ríos.



proxecto
ríos



Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*) Rio Mao

maio

l	m	mé	x	v	s	d
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

Saídas formativas

8 Roteiríos.

31 Remata a campaña de primavera

xuño

l	m	mé	x	v	s	d
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

5 día do medio ambiente

8 día dos océanos

12 Encontro do Proxecto Ríos//Bioblitz



proxecto
ríos



Picapeixe común (*Alcedo atthis*) Río Bibei

xullo

l	m	mé	x	v	s	d
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Big jump!!!



proxecto
ríos

agosto

l	m	mé	x	v	s	d
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Goza dos nosos ríos



Garza real (*Ardea cinerea*) Río Anllóns

setembro

l	m	mé	x	v	s	d
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

10, 11, 12 Campo do Tea
15 Inicio da campaña de outono
25 Curso de formación do Proxecto Ríos
26 Limpeza simultánea de ríos

outubro

l	m	mé	x	v	s	d
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

23 RoteiRíos
31 Remate da campaña de outono



proxecto
ríos



Bilurico das rochas (*Actitis hypoleucos*) Río Ulla

novembro

l	m	mé	x	v	s	d
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

Envío das inspeccións de río do 2021

decembro

l	m	mé	x	v	s	d
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

5 Día Mundial do Voluntariado
Elaboración Informe do ríos galegos



proxecto
ríos

Calendario 2021

O Proxecto Ríos é unha iniciativa de educación e voluntariado ambiental promovida por ADEGA que pretende fomentar a participación activa da sociedade na conservación dos ríos. Persoas a título individual, familias, entidades (asociacións culturais e deportivas, de pesca, etc) e administracións (consellerías e organismos de xestión de augas, concellos, etc) traballan na procura dun obxectivo común: o estudo e a conservación dos ecosistemas fluviais.

Se queres recibir máis información ou tes interese en formar parte do Proxecto Ríos ponte en contacto con nós. [info@proxectorios.org]

Iniciativa:



Promove:



XUNTA
DE GALICIA

Edita:



Avda Castelao nº 20 baixo
15704 Santiago de Compostela. Galiza
Tel/fax: 981 57 00 99 e móbil; 616 23 80 50
www.proxectorios.org